



Subscripción

A **subscripción base**, que implica a recepción de 8 obras a razón de 2 por trimestre. O total a pagar é de **116 euros anuais**.

A **subscripción para menores de 30 anos**, que vén sendo idéntica á subscripción base mais cun prezo inferior, **100 euros redondos anuais**.

A **subscripción dupla ou con apoio á docencia**, que fai un total de **188 euros anuais** e consiste en que o subscritor ademais de recibir as obras que lle corresponderían cunha subscripción base, dá de alta unha segunda subscripción a nome ou ben doutra persoa ou dun centro de ensino (aquel que el elixa ou, no seu defecto, un escollido pola editorial). Por así dicilo, son dúas subscripcións base, unha para o subscritor e outra como agasallo.



Calendario de envíos

O noso calendario de envíos aos subscritores está delimitado con exactitude. Isto é que cada tres meses facemos entrega das dúas novas obras publicadas dentro da primeira semana dos meses de xaneiro, abril, xullo e outubro respectivamente.

Ao dar de alta unha subscripción, o novo subscritor recibirá como primeira entrega as dúas obras xa publicadas e correspondentes ao trimestre en curso. Este primeiro envío non se rexe polo calendario anterior senón que se fará o antes posible conforme ao estipulado nas condicións de envío e devolucións para obras soltas, é dicir, nun máximo de 9 días laborables.

Sexa cal for o tipo de subscripción contratada, o procedemento de envío non varía: a persoa subscritora recibirá no enderezo facilitado un paquete con **dúas novas obras cada trimestre, o cal supón, ao longo do ano editorial, un total de 8 obras distintas**.

Así mesmo, cabe salientar que **calquera dos libros da nosa colección paralela «Vólvense os paxaros contra as escopetas» terá para a persoa subscritora un prezo único de 6 euros**. Para adquirilos, o socio tan só debe escribirmos un correo electrónico sinalando o seu carácter de subscritor e o título que desexa que lle sirvamos —con carácter inmediato ou dentro do seguinte paquete de libros do trimestre.

Tamén, por outra banda, destacar que **os títulos anteriores ao momento de formalización da subscripción poden ser adquiridos polo socio a prezo reducido** (o proporcional ao seu tipo de subscripción) no canto do prezo de mercado, que é o xeral para as compras soltas.



Subscripción



Datos da persoa

NOME E APELIDOS:

NIF/CIF:

DOMICILIO:

E-MAIL:

TELÉFONO:

Sinatura

Data: de de

Modalidade (prezo anual):

- ☐ DOMICILIACIÓN BANCARIA
- ☐ TRANSFERENCIA
- ☐ OUTRA (ESPECIFICAR):

Autorización da conta bancaria para a domiciliación

O cliente arriba referido declara subsistentes as facultades coas que intervén, que en modo ningún foron revogadas, modificadas ou suspendidas, e, na calidade coa que actúan, **autoriza** a Editorial Hugin e Munin a que, dende a presente data e con carácter indefinido en tanto continúen as relacións comerciais entre ambas as partes, xire na conta bancaria especificada todos os recibos correspondentes ás facturas que se orixinen como consecuencia da relación comercial entre as partes, **segundo o esixido pola Lei de Pago 16/2009**.

Nome do titular da conta:

(tal e como figura nesta)

Entidade bancaria:

Número de conta:

(oficina, dígito de control e conta bancaria)

huginemunin.gal

TERMOS E CONDICIÓNS XERAIS DE SUBSCRICIÓN. A EDITORIAL HUGIN E MUNIN (nome comercial), con domicilio fiscal no 3.º andar do número 9 da Rúa do Castro, 15704, Santiago de Compostela, Galicia, de conformidade coas Condicións Xerais que se describen neste documento, adquire un compromiso co SUBSCRITOR. A sinatura deste documento por parte deste último implica a aceptación expresa das presentes Condicións Xerais, e a súa capacidade xurídica para dar de alta a subscrición. HUGIN E MUNIN non será responsable no caso de que a información achegada polo Cliente estea falseada. **1.- INFORMACIÓN E NOVIDADES.** O SUBSCRITOR autoriza a HUGIN E MUNIN ao envío de comunicacións relativas a información e novidades editoriais, ademais das notificacións referidas á subscrición contratada. O cliente, sempre que o desexe, poderá revogar a dita autorización. **2- PRODUCTOS E SERVIZOS.** Os produtos que ofrece a Editorial son libros en galego de narrativa clásica e contemporánea, en tradución orixinal a partir de diversas linguas de orixe, a un prezo único variable en función do tipo de subscrición, co IVE incluído e os gastos de envío gratuítos. **3.- FACTURACIÓN. HUGIN E MUNIN** facturará pola subscrición de acordo coas tarifas vixentes ao comezo do ano editorial. As cotas pagaránse segundo os prazos escollidos polo SUBSCRITOR por medio de domiciliación en conta corrente á vista que este indique. O subscritor autoriza a HUGIN E MUNIN para realizar a dita operación. En caso de demora no pagamento, HUGIN E MUNIN poderá suspender a subscrición. HUGIN E MUNIN resérvase o dereito de modificar o sistema de facturación do mesmo previa notificación. **4.- CONFIDENCIALIDADE.** HUGIN E MUNIN unicamente conservará aqueles datos resultantes das interrogacións do subscritor que sexan necesarios para a facturación, e comprométese a non os facilitar a terceiras partes, salvo requirimento da autoridade xudicial ou administrativa competente. Conforme á normativa vixente, HUGIN E MUNIN informa que os datos facilitados polo subscritor incorporáranse nun ficheiro automatizado e garántelle a seguridade e o carácter confidencial. O subscritor poderá exercer os dereitos que a dita normativa establece dirixindo un escrito a HUGIN E MUNIN, Rúa do Castro, 9, 3º 15704 Santiago de Compostela. O subscritor consente o envío de comunicacións comerciais sobre os produtos da editorial ao enderezo de correo electrónico facilitado para esta operación. Non caso de non desexar recibir esta información, pode revogar o seu consentimento en calquera momento comunicándoo á dirección indicada. **5.- RESPONSABILIDADE. HUGIN E MUNIN** comprométese a pór todos os medios ao seu alcance para que estean dispoñibles permanentemente as prestacións obxecto do presente contrato. Con todo, declina toda responsabilidade en caso de imposibilidade de envío das obras se o motivo fose unha interrupción prolongada dos servizos de transporte e postais, conflitos sociais, por efectos do lume e calquera outro suposto de forza maior, ou por actuación dun terceiro. HUGIN E MUNIN tampouco se fará responsable das infraccións de calquera subscritor que afecten os dereitos de calquera outro, incluíndo os dereitos referentes ao copyright, patentes, marcas, información confidencial e calquera outro dereito de propiedade intelectual ou industrial. En ningún caso HUGIN E MUNIN se fai responsable dos danos inmateriais, como o prexuízo comercial ou de explotación nin do lucro cesante. **6.- DURACIÓN E RESOLUCIÓN.** O presente contrato terá unha duración dun ano a partir da data da súa sinatura. O contrato prorrógase automaticamente cada ano. Para a súa rescisión do contrato, esta será posible en calquera momento do ano, incluso do primeiro, tendo o subscritor que abonar o pagamento das dúas obras do trimestre en curso e quedando anulada a súa subscrición tan pronto como este remate. O presente contrato poderá ser resolto se algunha das partes non cumpre coas obrigacións, cláusulas e condicións do mesmo, ou das súas modificacións eventuais, notificándoo por escrito á outra parte. O contrato considerárase resolto de pleno dereito aos oito días do envío do devandito escrito sen prexuízo das indemnizacións que, no seu caso, resulten pertinentes. HUGIN E MUNIN poderá resolver o contrato por falta do pagamento do Cliente. **7.- LITIXIOS.** No caso de xurdir algunha dificultade no tocante á interpretación, a execución ou a extinción do presente contrato, as partes tentarán alcanzar unha solución amigable. Se non fosen capaces, as partes acordan someter o caso aos Tribunais que HUGIN E MUNIN determine. **8.- ADQUISICIÓN DE TÍTULOS ANTERIORES AO CONTRATO DE SUBSCRICIÓN.** Se o subscritor desexa adquirir algún exemplar dunha obra anterior ao momento en que principia o seu contrato de subscrición, poderá facelo ao prezo especial para subscritores (e no caso de que pola súa extensión un determinado título teña un PVP inferior, en tal caso sempre ao prezo máis beneficioso para o cliente). Para tal efecto, deberá enviar un correo electrónico a editorial@huginemunin.gal a fin de concretar o método de pagamento máis sinxelo, sexa mediante transferencia ou inclusión nunha posterior remesa de domiciliación bancaria.

Esta é a folia que deberá remitir asinada ou ben ao enderezo postal Rúa do Castro, 9, 3.º andar, 15704, Santiago de Compotela (A Coruña), Galicia, ou ben nunha copia escaneada ao enderezo de correo electrónico editorial@huginemunin.gal.